

Autoridades.... Sr. Presidente do Parlamento. Sras e Sres Deputados, Representacións e Colectivos presentes, Don Acisclo Rogelio Manzano Freire e familia.

Miñas donas, meus señores:

No 2016, a Xunta de Goberno da institución que hoxe solemnemente nos acolle, e que me honro en presidir, acordou incorporar ó escultor Acisclo Manzano á serie de monografías tituladas Artistas Ourensáns. Aínda que a súa obra xa estaba presente, desde moito tempo atrás, neste Pazo Provincial e no Centro Cultural Marcos Valcárcel, con magníficas pezas da súa autoría, encargámoslle, daquela, á profesora María Mercedes Gallego Esperanza un estudo compilatorio da obra do noso homenaxeado, desde os seus comezos ata aquela data.

O volume, como non podía ser doutra maneira, titúlase *Acisclo Escultor* e, xunto co traballo de investigación de Mercedes Gallego, inclúe un texto da crítica de arte e curadora Pilar Corredoira, e un relato do poeta e escritor Luís González Tosar.

A isto debemos engadir as ilustracións dun dos grandes fotógrafos ourensáns, Mani Moretón, quen, a parte de trasladarnos imaxes de, case toda, a escultura pública acisciana, nun percorrido abraiante de formas que transitan espazos do máis variado, volumes que mostran e que suxiren, figuras que conmoven o noso espírito, vai incorporando, Mani Moretón, digo, a humanidade do artista a través dunha serie de retratos do propio Acisclo, en contacto coas súas creacións.

Quixen traer, precisamente hoxe a este acto, a lembranza dese fermoso obxecto de arte que é o libro *Acisclo Escultor*, patrocinado e editado pola Deputación, moito máis ca un catálogo - encabezado por un breve, sinxelo e profundo pensamento, a modo de reflexión, moi do noso homenaxeado, “Son escultor, doulle as grazas á escultura” - para formalizar un dos meus compromisos con Acisclo Manzano. Todos eles fundamentados na admiración, no respecto e no agradecemento a un ourensán de pura cepa, a unha personalidade fondamente humana, inimitable e intuitiva, a un referente do que somos e de onde podemos chegar. Abonda, como ten feito Acisclo ó longo da súa vida, con estarmos dispostos a aportar concordia, a lograr entendemento, a soñar en paz e sosego, a transformar, todos os días, a realidade deste anaco de mundo no que nacemos e do que nos sentimos orgullosos e agradecidos, **Ourense**.

Outro dos compromisos que NOS obrigan con Acisclo Manzano -permitídemme que pluralice, desde a responsabilidade de representar a un territorio, a unhas xentes espalladas polos cinco continentes, a unha historia e a unha cultura, a un xeito de ser que, **como dixen moitas veces e cómpre repetilo agora**, vai máis alá dos lindeiros dunha provincia- obríganos, digo, a súa capacidade para conciliar discretamente, sen facer ruído, sempre con eficacia, dentro dos movementos artísticos e literarios que agromaron na Auria que lle tocou vivir, na que segue a estar totalmente presente, na vangarda, na rebeldía, no impacto ourensán. Tanto en Galicia coma no resto de España.

Refírome a esa capacidade de rachar co pasado sen renegar nunca das raíces, ó pulo innovador que orientou o espírito “Dos Artistiñas” e “Do Volter”, a TRIADA marabillosa, vento renovador, purificador, atrevido e transgresor, na que Acisclo Manzano fundiu talento, ideas e enerxía, con Xaime Quessada e Xosé Luís de Dios.

Acabamos de escoitar a unha das persoas máis autorizadas desde o ámbito académico, a profesora María Victoria Carballo-Calero Ramos, que nos adentrou na súa *laudatio* na inmensidade oceánica da obra dun escultor que quixo selo por vocación, que aprendeu adentrándose nos segredos do oficio, e que bebeu nas fontes máis puras, nos mananciais de Fidias, Giacometti, Henry Moore e Oteiza, a quen Acisclo ata fixo viaxar.

Nesa ansia da procura, na búsqueda doutras manifestacións, doutros materiais, formas e texturas, sen perder nunca a perspectiva propia, a ollada transformadora e vital, o movemento e o ritmo, a auga e o lume, Acisclo Manzano foi a Francia, a Inglaterra, a Italia, a Grecia...pero tamén se interesou pola arte exipcia e mesopotámica, pola expresividade nórdica...por todo aquilo que chamase a súa atención e que lle despertase novas sensacións.

“Trato de fortalecer unha vida interior captando un ritmo sensitivo de formas e de liñas. Nun comezo inconcretas, pero que logo teñen a súa propia capacidade receptiva...” dixo en 1972, cando se integra, con paixón, nas paisaxes ibicencas, das que recolle a luz máis limpa, as cores máis puras. O escultor non deixa nunca de transitar, de percorrer todos os camiños, nunha peregrinaxe de ida e volta que o leva da figuración á abstracción organicista.

Ese é Acisclo, o ouresanismo transformador, a modernidade permanente do románico e do barroco, o “escultor de ídolos, aínda que non crea neles, porque sabe descubrirlle os xeitos e as formas”, como deixou dito D. Vicente Risco, no texto dunha das súas primeiras exposicións.

Remato, xa coa satisfacción de ter cumprido outro compromiso, contraído o 29 de maio de 2020, como figura no preceptivo Expediente de Honores desta Deputación, que acaba de celebrar dous séculos de existencia. Douscentos anos de servizo a un mesmo ideal; atender, servir, engrandecer e compartir a **ourensanía**, sentimento común que nos caracteriza e que perdura, boa proba delo son a arte e a bonhomía de Acisclo Manzano. A partir de hoxe, cidadán distinguido co **ouro da ourensanía**.

Amigo Acisclo: en nome dos ourensáns e das ourensás de todo o mundo agradézoche o teu traballo, graciñas por ser como ti es, grazas polo teu humor e, aínda que tivemos que retrasar este acto pola pandemia, xa ves que todo chega, quédome coa lembranza do noso recente encontro en Xunqueira de Espadanedo.

Viva Ourense!

Viva Acisclo Manzano!